

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO:

Corbacho Valencia, Juan Manuel
Fernández Iglesias, Manuel
Fernández Jáuregui, Manuel
García Vázquez, Xosé Manuel
González Álvarez, Dolores
Graña Rodríguez, Ana María
Longo González, M^a Asunción
Mato de la Iglesia, Salustiano
Pena Uris, Gloria M.
Rodríguez Vázquez, Virxilio

DECANOS/DIRECTORES:

Cuiñas Gómez, Íñigo
Rodríguez Berrocal, Fco. Javier
Romo Pérez, Vicente
Rubio Armesto, Belén

PDI-A:

Álvarez Villamarín, Xosé Carlos
Collazo Fernández, Antonio
García Fontán Soledad
Llamas Nistal Martín
Pino García, Antonio

PDI-B:

ESTUDANTES:

Moldes Pita, Óscar
Rivera González, Paula

PAS:

Mollinedo Lois, Carlos
Pérez Gómez, Luis

CONSELLO SOCIAL:

Calviño Rodríguez, Xulio

SINDICATOS:

Fernández Fernández, Federico A.

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Bienvenido Diez Ferrer, José
Bueno Alonso, Jorge Luis
Caparrini Marín, Natalia
Fernández Prieto, Marta
García Señorán, Mar
González Jorge, Higinio
Pérez Cota, Manuel
Pillado González, Esther
Reboreda Morillo, Susana
Rodríguez Martínez, Fco. Javier
Rodríguez Varela, Diego
Valero Gutiérrez del Olmo, Enrique
Vallejo Pousada, Rafael

Acta da sesión extraordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 23 de decembro de 2016, convocada para as 09:30 h en primeira convocatoria e ás 10:00 h en segunda na Sala de Xuntas da Reitoría.

O día **23 de decembro de 2016** ás 10:00 h deu comezo a sesión extraordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar o seguinte punto da orde do día:

- Toma en consideración, se procede, do recurso de reposición interposto por D. Marcos Estévez Orge, presidente do Comité de Empresa do PAS laboral da provincia de Pontevedra, contra o acordo do Consello de Goberno de 10 de outubro de 2016, polo que se aproba a relación de postos de traballo do persoal laboral de administración e servizos, e da solicitude de suspensión cautelar da execución da mesma.

Antes de dar comezo á sesión, o reitor agradece á presenza de todos os membros os presentes, o que fai posible a celebración desta sesión extraordinaria. A continuación dá lectura ás persoas que escusan a súa presenza.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral para facer a presentación deste punto.

A secretaria comenta que, como é habitual, foi invitado a participar con voz pero sen voto neste Consello de Goberno á persoa que presenta o recurso, neste caso D. Marcos Estévez Orge, pero por mor dunha baixa médica non pode estar presente hoxe.

Xunto coa convocatoria deste Consello remitiuse tanto o recurso potestativo de reposición presentado o 7 de decembro por Marcos Estévez Orge en calidade de Presidente do Comité de Empresa do PAS laboral da provincia de Pontevedra, como o informe da Asesoría Xurídica solicitado para dar apoio á decisión que debe tomarse neste Consello de Goberno.

Explica que o presidente do Comité de Empresa realiza no seu escrito unha serie de alegacións para basear o seu recurso contra o acordo do Consello de Goberno polo que se aproba a Relación de Postos de Traballo do Persoal Laboral de Administración e Servizos, e tamén solicita a suspensión da execución do acto impugnado. Polo tanto, compete a este Consello resolver en canto a estimación ou non do recurso e a valoración do pedimento de suspensión, debendo emitirse a resposta nun prazo inferior a trinta días,

A continuación, a secretaria xeral analiza cada unha das alegacións, resumindo o recollido no informe da A.X.

1. En relación á solicitude de suspensión, lembra que segundo os artigos 98 e 117 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, os actos das Administracións

Públicas serán inmediatamente executivos, sendo a suspensión dos mesmos unha excepción a este principio xeral. Engade a secretaria que, en base á xurisprudencia presentada no informe, a interposición dun recurso contra un acordo non suspende a súa execución, senón que o recorrente debe xustificar a solicitude de suspensión, en base aos prexuízos de imposible ou difícil reparación que puidera causar, ou ben a impugnación debe fundamentarse en algunha das causas de nulidade de pleno dereito.

Continúa explicando que o mesmo artigo obriga a algo máis, xa que esixe ao órgano que ten que decidir que realice unha ponderación suficientemente razoada entre o interese particular do recorrente á suspensión e o interese público a manter a eficacia do acto. Neste caso, o recorrente non realiza ningunha descrición dos danos e perdas que se puideran derivar da execución do acto, nin por que son de carácter irreversible. Polo tanto, continúa a secretaria xeral, non se cumpren os presupostos esixidos para a suspensión cautelar dun acto administrativo. E, nese sentido, considérase que procede desestimar o pedimento de suspensión.

2.- En relación co fondo do asunto, explica a secretaria que é preciso facer notar que un recurso de reposición ten que fundarse nalgún dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos na norma, tal como se establece no artigo 112 da Lei 39/2015. No presente recurso, os fundamentos de dereito se limitan á cita de normas xurídicas en xenérico (Convenio colectivo do PAS Laboral, Estatutos da Universidade de Vigo, Lei da Función Pública de Galicia, Estatuto dos Traballadores, Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas) sen determinar ningún artigo ou norma concreta que se considera infrinxido, nin razoamento xurídico en base ao cal se consideraría ilegal o acto impugnado.

Pese a esta falta de fundamentación xurídica, o informe da A.X. entra a valorar o que aparece recollido como "FEITOS" no escrito:

- En relación á alegación de que *"Non se recolle o sinalado no artigo 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ao carecer a resolución do pé de recurso administrativo"* a secretaria dá lectura ao artigo 40.3 da Lei 39/2015, que establece o seguinte: *"As notificacións que, contendo o texto íntegro do acto, omitan algún dos demais requisitos previstos no número anterior producirán efecto a partir da data en que o interesado realice actuacións que supoñan o coñecemento do contido e alcance da resolución ou acto obxecto da notificación, ou interpoña calquera recurso que proceda"*. Polo tanto, explica, no caso da existencia dun defecto na publicación da RPT, a interposición do recurso demostra o coñecemento do contido e alcance do acto obxecto da notificación, polo que queda cumprida a finalidade da mesma.

- En relación coa alegación *"Con esta proposta cambian as condicións de traballo dunha gran parte do persoal modificando esta RPT os contratos asinados entre a Universidade e os traballadores, con cambios de adscrición, cambios de Centro de traballo e cambio de nome de categorías profesionais A RPT é unha relación de postos e non de prazas, coa que definen as particularidades de cada. un dos postos de traballo. Nesta RPT se vulneran o principio de mérito e capacidade, os postos teñen que estar perfectamente definidos dado que as notas que teñamos definen unha posición para escoller un posto. Esta RPT nos mete nun grupo DO que non está definido cal é o noso posto. E vulnera o noso dereito de escoller un posto concreto para un traballo concreto"*. No recente auto do Tribunal Supremo, que inadmite un recurso de casación, de 21 de xaneiro de 2016, Rec. 2369/2015, explica a secretaria xeral, se afirma que a RPT é un acto de autoorganización da Administración sobre o seu persoal e que pode afectar a situacións futuras dese persoal, pero ningún reproche xurídico se pode derivar deste feito, cando é algo intrínseco á propia natureza da RPT.

A RPT constitúe un instrumento técnico a través da cal se realiza a ordenación do persoal, debendo cumprir o previsto nas normas que vinculan á Universidade de Vigo na elaboración das súas relacións de posto de traballo. No presente caso, prosegue, obsérvase que a RPT contén o que esixe o artigo 74 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e en particular o esixido polo artigo 3 8 da Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia.

Asemade, non basta alegar unha vulneración dos principios de mérito e capacidade sen concretar ou acreditar cal é a situación antixurídica que se produce, e en todo caso esta alegación atinxiría a actos posteriores en desenvolvemento da RPT, como son os respectivos concursos e oposicións nos cales por suposto sería inescusable o cumprimento dos principios de igualdade, capacidade e mérito. Polo tanto, a parte recorrente parece confundir formas de provisión de postos de traballo con sistemas de acceso, ao que debemos dicir que a proposta de RPT finalmente aprobada, consonte ao esixido na normativa vixente, si que recolle a forma de provisión de cada posto de traballo.

- En canto á alegación de que "*O proceso de negociación non está rematado*", partindo da consideración previa de que a RPT é o instrumento xurídico determinante das condicións de traballo, e consonte co previsto no artigo 31 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do EBEP, debe ser sometido a negociación colectiva, pero, lembra a secretaria xeral, que para a súa aprobación a normativa non esixe que a negociación culmine cun acordo entre os representantes do persoal e a Administración.

Prosegue indicando que o proceso de negociación queda acreditado polas actas publicadas que plasman o desenvolvemento de todo o proceso de negociación, que rematou sen acordo. Polo tanto, da afirmación realizada pola parte recorrente, de que o proceso de negociación non está rematado, non parece que poida extraerse reproche xurídico que invalide a RPT aprobada.

Finaliza a secretaria xeral indicando que, en base as argumentacións expostas, a Asesoría Xurídica entende que procede a desestimación do recurso de reposición presentado por D. Marcos Estévez Orge.

Polo tanto, a proposta que se presenta ante este Consello de Goberno consta de dous puntos, en primeiro lugar, a desestimación do pedimento de suspensión cautelar da execución da RPT e, en segundo lugar, a desestimación do recurso interposto polo Comité de Empresa de Pontevedra do PAS laboral contra o acordo do Consello de Goberno do 10/10/2016 (DOG do 7/11/2016), polo que se aproba a Relación de Postos de Traballo do Persoal laboral de administración e servizos da Universidade de Vigo

O reitor resume o exposto lembrando que é competencia deste Consello resolver o recurso presentado, e que para dar apoio xurídico á decisión solicitouse o informe de Asesoría Xurídica, e que vén de presentarse para a súa consideración por este órgano.

Ábrese unha rolda de intervencións, na que solicitan a palabra o Sr. Federico Fernández e o profesor Antonio Collazo.

O Sr. Federico Fernández agradece a presenza de todos, nunha data como na que estamos. Comenta que se interpuxo o recurso de reposición anterior, porque se intenta esgotar as vías internas antes de chegar as externas. Enténdase como un acto no que o PAS intenta resolver dentro da casa os problemas que considera que existen, engade.

Declara que non vai entrar punto por punto a analizar o escrito, xa que todos coñecemos o proceso que tivo lugar, pero afirma que os membros do PAS seguen considerando que teñen razón. A pesar do informe da A.X., eles fixeron consultas que indican que poden continuar pola vía xudicial, polo que non vai engadir nada máis. Para finalizar, confirma simplemente a imposibilidade de asistir de Marcos Estévez Orge por mor dunha operación.

Intervén a continuación o profesor Antonio Collazo, pide desculpas polos posibles erros na interpretación xurídica do informe, pero quere realizar un par de consideracións en relación co seu contido. En relación coa solicitude de suspensión, entende que se centra en que o poder de convicción vai dirixido cara o tribunal que poida suspender o acto administrativo. Pero considera que aínda non estamos nese punto, senón no de resolución do recurso, polo que esa convicción debe dirixirse aos membros do C.G., e será no seguinte paso, se chega á vía xudicial, cando haxa que establecer este tipo de defectos de forma na solicitude.

En relación a isto, di que o informe menciona o artigo 117 da Lei 39/2015, que indica no seu apartado a) que a interposición dun recurso contra un acto non suspende a súa execución, pero non menciona o apartado b), e dá lectura ao mesmo: *Non obstante o disposto no apartado anterior, o órgano a quen compete resolver o recurso, previa ponderación, suficientemente razoada, entre o prexuízo que causarí*

ao interese público ou a terceiros a suspensión e o ocasionado ao recorrente como consecuencia da eficacia inmediata do acto recorrido, poderá suspender, de oficio ou a solicitude do recorrente, a execución do acto impugnado cando concorran algunha das seguintes circunstancias...” Considera, polo tanto, que é o órgano quen debe facer a ponderación, non o recorrente. Tamén quere facer notar que o artigo 115 da mesma lei di que *o error ou ausencia da cualificación do recurso por parte do recorrente non será obstáculo para a súa tramitación, sempre e cando se deduza o seu verdadeiro carácter*, polo que interpreta que un erro na presentación do recurso non impide que o tramitemos aquí, e non impide que se aborde o balance ponderado se o carácter do recurso está claramente establecido. Entende, polo tanto, que estamos a tempo de realizar ese xuízo. En relación coa competencia do Consello de Goberno, expón que se este órgano aprobou a RPT, a anulou e a volveu a aprobar, compéttelle resolver o recurso e valorar os posibles prexuízos que se deriven da aprobación da RPT.

En relación coa segunda parte do informe da Asesoría Xurídica, cita dúas ideas centrais: a capacidade de autoorganización da institución, presentada cun argumento impecable, pero, dende o seu punto de vista, o aspecto crucial é se tivo lugar un verdadeiro proceso de negociación. E nese apartado, na súa opinión, o informe fai unha análise moi sucinta e mesmo pouco concreta, porque tampouco se cita en que acta se reflicte a vontade de negociación. Xa que, engade, un proceso de negociación no é a información ou a consulta, ten que existir vontade real de chegar a un acordo. Continúa manifestando o profesor Collazo que aínda que non se acade un acordo, ten que existir esa vontade de conseguilo e ese punto, podería ser o núcleo da reclamación.

Para finalizar, quere anunciar o seu apoio aos compañeiros PAS e manifestar o sentido do seu voto a favor do recurso.

Responde a secretaria xeral aclarando un aspecto do exposto anteriormente en relación coa suspensión da execución do acto recorrido. Explica que, en efecto, compete ao Consello de Goberno resolver ao respecto, pero a lei abre dúas posibilidades para a suspensión dun acto administrativo: por unha banda, que a Administración atope no procedemento realizado causas de nulidade de pleno dereito e proceda á suspensión de oficio e, por outra banda, que se presente un recurso solicitando a suspensión en base a prexuízos de imposible ou difícil reparación. E neste caso, que é o que estamos tratando, debe ser o recorrente o que xustifique ditos prexuízos. A Administración, neste caso o Consello de Goberno, non pode poñerse no lugar do recorrente e realizar a alegación. O informe da Asesoría Xurídica pon de manifesto que o recorrente non fai dita xustificación, pero a decisión corresponde ao Consello de Goberno, puntualiza a secretaria.

Con respecto á segunda parte, relativa a se houbo ou non negociación, é un aspecto que xa foi sobradamente debatido nas sesións do Consello de Goberno nos que se abordou a aprobación da RPT. Engade que o xerente podería explicalo mellor, pero nas actas se reflicte o proceso de reunións e de intercambio de opinións, e non nunha soa acta, senón en todas. Incide en que o feito de que non exista un punto de finalización do proceso de negociación, non invalida o proceso, xa que de ser así, unha parte tería nas súas mans o poder de paralizar o establecemento dunha RPT, que non é o que pretende a lei.

O reitor encadra a intervención do Sr. Federico Fernández como a dun representante que participou en todas as etapas do proceso e a do profesor Collazo no dun representante que non asistiu a todos os debates. Dadas as consideracións que realiza, o seu posicionamento quedaría reflectido nun voto negativo no momento de aprobación da RPT. Comenta que todas as cuestións que suscita o profesor Collazo formaron parte do debate no seu momento. Neste momento, continúa o reitor, diante dun recurso de reposición que, como expuxo o Sr. Federico Fernández está vencellado a esgotar a vía administrativa antes de pasar á xudicial, ao goberno lle preocupaba que puidera haber algunha causa no fundamento do recurso que xustificara a suspensión da execución da RPT que foi aprobada. Por iso, solicitouse o informe a Asesoría Xurídica, e nel non se encontra ningunha limitación xurídica que nos indique que debamos suspender a RPT, de habela, se faría, remarca o reitor.

Reitera que todos os argumentos foron expostos durante o proceso de aprobación da RPT, quedando claras as posicións. Lembra tamén que no último Consello de Goberno houbo un ofrecemento por parte do equipo de goberno para establecer un proceso de negociación da execución da RPT do persoal laboral, xa que a outra parte está interesada en dito proceso negociado. Finaliza o reitor reiterando que esas

posicións xa están establecidas, pero na sesión de hoxe corresponde decidir se este Consello de Goberno mantén a súa posición de aprobación da RPT, porque os recorrentes non aportan indicios de que existan causas de anulación ou de suspensión. Apoiándose no informe emitido polos servizos xurídicos, o goberno propón a desestimación do recurso presentado.

Realízase a votación deste punto, co resultado de: 18 votos a favor, 6 votos en contra, dos cales tres son nominais (profesor Antonio Collazo e os dous representantes do estudiantado) e ningunha abstención. Polo tanto, desestímase o recurso de reposición interposto por D. Marcos Estévez Orge, presidente do Comité de Empresa do PAS laboral da provincia de Pontevedra, contra o acordo do Consello de Goberno de 10 de outubro de 2016, polo que se aproba a relación de postos de traballo do persoal laboral de administración e servizos, e da solicitude de suspensión cautelar da execución da mesma.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10:30 h do día 23 de decembro de 2016, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e praxe do reitor.

O reitor



Salustiano Mato de la Iglesia

A secretaria xeral



Gloria M. Pena Uris